

**Exposición**

# Xesús! 70 anos de Campos

**Datas** do 21 de abril ao 1 de outubro de 2023

**Lugar** Fundación Luis Seoane, A Coruña

**Produción** Fundación Luis Seoane

**Comisario** Nico Campos

**Inauguración** venres 21 de abril, 20:00 horas. Entrada libre, previa reserva antes do 19 de abril no teléfono 981 216 015



## Intro

A primeira retrospectiva en trinta anos sobre a obra do humorista gráfico Xesús Campos Álvarez, *Chichi Campos*, reúne na Fundación Luis Seoane máis de 300 pezas deste prolífico artista que retratou como ninguén un lugar e un tempo, a Galicia dos anos setenta e oitenta, de maneira intelixente e irreverente. Campos foi testemuño dunha época na que todo semellaba posible e do rápido desengano posterior, uns acontecementos políticos, históricos e sociais que foi plasmando nuns debuxos que deixaban ver a súa enorme cultura, o seu sentido do humor, a súa ironía e unha lucidez que anunciaba con bastante precisión o mundo no que vivimos hoxe. Políticamente comprometido co comunismo, a modernidade de Chichi Campos reside na capacidade para rirse de si mesmo e a certeza de que nada merece ser tomado en serio, nin a política, nin a cultura institucionalizada, nin as modas... Un universo de seu que utiliza como ferramenta para fuxir dunha realidade máis ben amarga.

Fotografías, obxectos persoais, debuxos, cómics, revistas, libros de artista, deseños, guións e documentación diversa compoñen un proxecto comisariado por Nico Campos que recupera e reivindica a un autor que, malia súa desaparición prematura, deixou unha fonda pegada na cultura galega a través das súas viñetas, dos contidos que escribiu para unha entón incipiente televisión autonómica, das exposicións nas que participou e das persoas coas que colaborou ou que se cruzaron no seu camiño durante a súa breve pero intensa traxectoria.

## A exposición

A mostra da Fundación Luis Seoane estrutúrase en dez seccións, cuxos títulos son reveladores das intencións dos responsables deste proxecto: a primeira, **Chichi Campos as himself**, reúne fotografías de diferentes

momentos da vida do autor, nas que aparece cos seus pais e irmáns, con amigos, coa súa dona Anciñas Ripoll e o seu fillo Nico, como director da galería Sargadelos en Santiago de Compostela, participando en mitines ou manifestacións... As imaxes, pertencentes ao Fondo Documental de Chichi Campos, amosan momentos chave da súa biografía.

As seguintes seccións, **Bolchichismo**, **O outro Xesús**, **Convertendo a Castelao nalgo fácil de asubiar**, **O mundo según Campos**, **De vote en vote**, dividen temáticamente a obra de Campos en comunismo, relixión, cultura, sociedade e política. Por ela desfilan a práctica totalidade da clase política e cultural da súa época, e tamén da conta do ambiente dos bares, da noite, dos falsos aires de modernidade daquel tempo, acompañados polos pensamentos e reflexións dun Chichi que debuxa compulsivamente, en follas soltas, en servilletas, en cadernos de notas, en anacos de papel... En calquera superficie bi ou tridimensional que admitise a tinta e estivese ao seu alcance.

No apartado **Quiosco** agrúpanse as publicacións periódicas nas que participou Chichi Campos, e incluírá un exemplar orixinal de A Cova das Choias, a primeira revista de cómic en galego de toda a historia.

A exposición dedica un apartado á breve relación entre o artista e Luis Seoane, ao que coñeceu a comezos da década dos setenta. Grazas a unha observación feita por Seoane sobre a falta de locais culturais na Galicia de entón, Chichi e o arquitecto José Ramón López Calvo fundarán a histórica galería Mestre Mateo na Coruña, na que expoñerán Miró, Tàpies ou Correa Corredoira, entre outros.

O labor como guionista para a televisión aparece na sección **Catodicismo**. Tras o seu paso pola galería Sargadelos e, posteriormente, polo estudo de deseño B, C & D a carón de Xosé Díaz e Pepe Barro, Chichi comeza a escribir para programas da TVG como *A ver que vai ser esto*, *S.O.S*, *Máis Ozono* ou *Adiviña quen vén esta noite*. O proceso de construción dos personaxes, *sketches* para actores como Antonio Durán "Morris" ou Manuel Manquiña, escaletas, etc. amosan un aspecto diferente e máis descoñecido da súa obra.

A mostra péchase co apartado **NSFW** accesible únicamente para público adulto, onde haberá unha selección de obras só para a xente máis atrevida.

### **Documental e publicación**

A exposición complétase co documental *Chichi e mais eu*, no que Nico Campos elabora un retrato do seu pai a través de entrevistas a amigos, colaboradores e familiares. Xunto ao documental, a Fundación Luis Seoane editará unha publicación na que aparecerán traballos inéditos de Chichi – guións, debuxos, textos e mesmo un bestiario da política nacional de finais do 80 - pertencentes ao Fondo Documental de Chichi Campos.

### **Biografía breve**

Xesús Álvarez Campos Chichi Campos (1952-1991) nace na localidade tinerfeña de La Laguna, na que o seu pai, militar de profesión, está destinado. Sendo moi pequeno trasládase á Coruña xunto aos seus pais e os seus once irmáns.

Tras o falecemento do seu irmán Miguel, ao que estaba moi unido, Chichi comeza a deixar de lado o fogar familiar en favor da súa relación con

Ángeles Ripoll, Anciñas. A través dela coñecerá a Xosé Díaz, un dos fillos de Isaac Díaz Pardo e mozo da irmá de Anciñas, co que fundará no ano 1972 o Grupo de Cómico do Castro xunto a Luis Caparrós e Rosendo Díaz.

En 1973 participa na exposición Arte Xoven de Galicia, e un ano máis tarde publica *A cova das choias*, considerado como o primeiro cómic galego. Ese ano expón con Xaquín Marín e Reimundo Patiño no Círculo Mercantil de Santiago. A mostra percorreu varias vilas de Galicia, e puido verse en Madrid e Barcelona. No ano 1975 funda con José Ramón López Calvo a galería Mestre Mateo na Coruña, e participa nas exposicións *13 artistas de hoy* e *Homenaxe a Castelao*. Primeiro director da galería Sargadelos de Santiago de Compostela, en 1984 intégrase no estudo de deseño B, C & D, e dous anos máis tarde comeza a traballar para a TVG como guionista.

Militante do Partido Comunista Galego, formou parte dunha lista para participar nas eleccións municipais de Santiago de Compostela, aínda que rematará por abandonar o partido. Autor de publicacións dentro e fóra de Galicia, colaborou con revistas gráficas como *Can sen Dono*, *La Naval* ou *Valiumdiez* e nos principais xornais da comunidade.

No ano 1991, á idade de 39 anos, Chichi Campos falece en Santiago de Compostela.

*Para máis información, entrevistas e solicitude de imaxes:*

Emma Fernández Castro

**correo:** [emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal](mailto:emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal)

**Teléfono:** 981 216 015 **Móbil:** 695 193 053